

## DPTO. DE MATEMÁTICAS. PROPORCIONALIDADE DIRECTA E INVERSA.

1. Calcula mentalmente e contesta.
  - a) Un tren percorre 240 km en 3 horas. Que distancia recorre en 2 horas?
  - b) Dous quilos de mazás custan 1,80 € Canto custan tres quilos?
  - c) Catro obreiros fan un traballo en 3 horas. Canto tardarían seis obreiros?
  - d) Cinco entradas para un concerto custan 40 € Canto custan catro entradas?
  - e) Un ciclista, a 20 km/h, percorre certa distancia en 3 horas. Canto tardará unha moto a 60 km/h?
2. Dous quilos e medio de patacas custan 1,75 € Canto custan tres quilos e medio?
3. Catro operarios tardan 10 horas en limpar un solar. Canto tardarían cinco operarios?
4. Un paquete de 500 folios pesa 1,8 kg. Canto pesará unha pila de 850 folios?
5. Unha piscina ten tres desaugues iguais. Si se abren dous, a piscina baleirase en 45 minutos. Canto tardará en baleirarse si se abren os tres?
6. Unha máquina de embotellamento enche 750 botellas nun cuarto de hora. Cantas botellas enche en hora e media?
7. Un tractor, traballando 8 horas ao día, labra un campo en 9 días. Cantas horas diarias debe traballar para realizar o traballo en solo 6 días?
8. Un gandeiro ten forraxe para alimentar ás súas 65 vacas durante 32 días. Canto lle durarán as provisións se compra 15 vacas máis?
9. Unha pescada de dous quilos e trescentos gramos custou 28,75 € Canto pagarei por outra máis pequena de quilo e medio?
10. Un ciclista percorreu 6,3 km en 18 minutos. Expressa a súa velocidade media en quilómetros por hora.
11. Un tren de mercancías, a unha velocidade media de 72 km/h, realiza o traxecto entre a cidade A e a cidade B en 7 horas. Cal debería ser a velocidade media para facer a mesma viaxe en só 6 horas?
12. Dúas poboacións separadas 5 cm nun mapa están a 35 km de distancia na realidade. Cal é a distancia real entre dúas poboacións que no mapa distan 13 cm?
13. Un coche a 90 km/h tarda 20 minutos en ir da poboación A á poboación B. Canto tardaría un camiión a 60 km/h? e unha furgoneta a 80 km/h?
14. Un ciclista percorreu 25 quilómetros en hora e cuarto. A esa velocidade, canto tardaría en percorrer unha etapa de 64 quilómetros?
15. Un tren, a 90 km/h, cubre un percorrido en 6 horas. Canto tardaría a 100 km/h?
16. Un manancial que aporta un caudal de 3,5 litros por minuto enche un depósito nunha hora e media. Canto tardaría se o caudal aumentara a 4,5 litros por minuto?